



REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE FOZ

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.

Constitúe o obxecto deste regulamento o uso e funcionamento das instalacións da Piscina Municipal Cuberta de Foz, xa sexan xestionadas polo propio Concello ou por entidade autorizada en virtude de acordo adoptado polos seus órganos de goberno.

Artigo 2.

O Concello de Foz persegue, na xestión das instalacións, os seguintes obxectivos:

- a) Fomentar a actividade física, o deporte e a educación física, e procurar o desenvolvemento integral da persoa, buscando ademais o crear hábitos de vida saudable.
- b) Achegar a actividade física os escolares do municipio a través de diferentes programas deportivos.
- c) Promover cursos de natación de diferentes niveis con obxecto de propiciar o ensino da natación entre a poboación, ademais de cursos de actividades dirixidas (aeróbic, step, sprint-bike...)

Artigo 3.

A regulación das condicións hixiénico-sanitarias das piscinas municipais, correspóndelle a Comunidade Autónoma de Galicia e régulase no Decreto 103/2005, do 6 de maio.

ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

Artigo 4.

1. As instalacións deportivas da piscina municipal encóntranse a disposición de todos os cidadáns e cidadás que pretendan realizar actividade física.

2. O acceso ás instalacións pódese realizar mediante os seguintes procedementos:

a) **ABONADOS:** coa condición de abonado, pódese ter acceso á piscina climatizada, á sala de musculación - zona cardiovascular (co apoio do monitor de sala e a realización de táboas personalizadas de exercicio) e a todos os espazos de uso libre, sen ningunha restrición de tempo nin espazo. Ademais os abonados terán a posibilidade de ser cursistas cun desconto no prezo de cada curso.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Requisitos para adquirir a condición de abonado:

- Cubrir todos os datos da folla de inscrición.
- Fotocopia do DNI (no caso de ser Abono Familiar, fotocopia dos DNI de todos os beneficiarios do abono) e da tarxeta sanitaria.
- Unha fotografía tamaño carné.
- Fotocopia do Libro de Familia, exclusivamente no caso de Abono Familiar.
- En caso de ser parella de feito, é imprescindible presentar o certificado de convivencia, ou equivalente, expedido polo Concello.

b) CURSISTAS: teñen esta condición as persoas inscritas nalgún curso, sexa de sala ou sexa de piscina, e unicamente poden facer uso das instalacións durante o tempo que dure a clase.

Requisitos para adquirir a condición de cursista:

- Cubrir todos os datos da folla de inscrición.
- Fotocopia do DNI.

Duración dos cursos: son de carácter mensual ou trimestral, renovables ata que o desexe o usuario, sempre que se cumpra cos prazos de notificación de baixa (ver apartado correspondente). A última semana de cada mes ofertaranse as novas prazas para o mes seguinte (consultar en recepción as datas exactas). Cada clase ten unha duración de 45 minutos, agás as de bebés que son de 30 minutos.

2. Todas as actividades organizadas se aboarán na súa totalidade ó formalizar a matrícula e a cota de inscrición na primeira mensualidade.

3. Baixo ningún concepto se devolverán os importes satisfeitos para un curso si este non é anulado pola propia dirección

4.-As persoas que causen baixa ou desexen formalizar a inscrición de novo deberán estar ao corrente no pagamento dos recibos e aboar a cota de inscrición

c) ENTRADAS LIBRES: entradas puntuais na instalación pagando o custo da entrada no momento do acceso á instalación. Os beneficiarios das entradas libres poden usar todas as zonas de uso libre (piscina e sala de musculación e zona cardio) con restrición de uso en función da ocupación. Tempo máximo en piscina é de 1 hora.

Requisitos para adquirir unha entrada libre:

- Por motivos de seguridade, poderáselles pedir os usuarios que presenten o DNI, ou calquera outra documentación acreditativa de idade, ao mercaren unha entrada. O persoal da instalación poderá denegar o acceso se o usuario se negase a amosar a mencionada documentación.

- Cumprir coas normas de uso que ten cada espazo deportivo da instalación, respectando as idades para as que está permitido.

d) COLECTIVOS E GRUPOS ORGANIZADOS, mediante as modalidades de alugueiro total ou parcial da instalación, previa autorización da empresa xestora.



Artigo 5.

Os veciños e veciñas do Concello de Foz terán preferencia sobre os de calquera outro Concello ao realizaren as inscricións iniciais nas modalidades de abonados, cursistas, colectivos e grupos organizados. Para iso, a empresa xestora habilitará un prazo de inscrición para usuarios empadroados no Concello de Foz e outro prazo para non empadroados.

O empadramento demostrarase mediante certificado ou documento acreditativo expedido polo Concello de Foz.

Unha vez transcorrida a inscrición inicial, os veciños e veciñas do Concello de Foz terán preferencia sobre os doutros concellos, sempre que se establezan listas de agrada para o acceso á instalación na modalidade de abonado.

Artigo 6.

1. É obrigatorio a presentación do carné de usuario en recepción e está obrigado a ensinalo no caso de que calquera traballador da instalación llo requira.

2. O carné é persoal e intransferible soamente utilizable polo titular, no caso de dúbidas por parte do persoal da instalación deberá estar acompañado polo DNI ou equivalente. No caso de perda deberase comunicar nas oficinas de xestión, creándose un duplicado previo pago de 4 euros de recargo.

3. Débese estar ao corrente dos pagos para poder acceder á instalación.

4. Prohíbese a entrada de animais, agás cans guía, ou obxectos que puideran causar dano ou molestias ó usuario.

5. Queda prohibido fumar e xantar dentro da instalación a excepción da cafetería, prohibido beber alcohol en toda a instalación.

Artigo 7.

a) Para o acceso polo procedemento de entrada libre, deberán obterse as entradas correspondentes nos lugares de venda da instalación.

b) Para o acceso dos abonados e cursistas establécese como requirimento a exhibición do carné actualizado no pagamento das cotas. Os carnés de abonado son persoais e intransferibles e autorizan, estando vixentes, ao uso e goce das instalacións, nos seus períodos de apertura ao público.

c) Por motivos de seguridade, dadas as características do vaso da piscina, os nenos menores de 11 anos deberán acceder á piscina acompañados por un responsable maior de idade, igual que os menores de 16 anos que non saiban nadar. Os que teñan entre 11 e 16, que saiban nadar, poderán entrar sos cun consentimento por escrito do pai, nai ou titor/a, que depositarán na instalación e serviralles para as seguintes ocasións.

d) Por motivos de saúde, prohíbese o acceso a menores de 16 anos á sala de musculación. Entre 14 e 16 anos só poderán acceder aqueles que estean prescritos por persoal sanitario.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

e) A condición de abonado perderase cando se incumpra a obriga de pagamento nos prazos determinados pola empresa concesionaria.

f) As persoas que accedan ás instalacións en calquera das modalidades de cursista ou grupos organizados poderán permanecer nestas soamente nos horarios definidos para os programas en que interviñan ou nos concedidos como alugueiro.

g) O pagamento de calquera curso terá validez para o mes ou trimestre en curso. É dicir, acabará o servizo contratado o último día de clase do mes ou trimestre que se pagou.

h) Tanto os grupos de natación escolar como os outros colectivos específicos virán sempre acompañados dunha persoa encargada, e esta será, en todo momento, responsable do grupo dentro da instalación.

i) Nos supostos de realización de competicións nas piscinas corresponderalle á entidade organizadora destas o control da orde no recinto, tanto na zona de vasos como nos vestiarios, e esta entidade responsabilizarase do adecuado uso das instalacións.

j) O Concello de Foz ou, se é o caso, a empresa xestora reserva para si a facultade de solicitar o DNI ou calquera outro documento acreditativo da personalidade a todas as persoas que accedan ás instalacións municipais por ela xestionadas.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 8.

a) O horario da instalación é:

De luns a venres de 8:00 ás 14:00 h e de 17:00 ás 23:00.

Sábados de 9:00 a 14:00 h e de 17:00 ás 20:00 h.

Domingos de 10:00 a 14:00 h.

- E o de verán será (do 1 de Xullo ata o 15 de setembro):

De luns a venres de 8:00 ás 13:00 h e de 18:00 ás 22:30.

Sábados de 9:00 a 14:00 h e de 17:00 ás 20:00 h.

Domingos de 10:00 a 14:00 h.

- Cando se alcancen os 750 abonados titulares da instalación o horario será:

De luns a venres de 8:00 ás 23:00 h.

Sábados de 9:00 a 14:00 h e de 17:00 ás 20:00 h.

Domingos de 10:00 a 14:00 h.

- E o de verán será (do 1 de Xullo ata o 15 de setembro):

De luns a venres de 8:00 ás 13:30 h e de 18:00 ás 23:00.

Sábados de 9:00 a 14:00 h e de 17:00 ás 20:00 h.

Domingos de 10:00 a 14:00 h.

b) A distribución do espazo dispoñible tanto para uso libre como para cursos estará reflectida nos cuadrantes de utilización. Estes cuadrantes indicarán os usos reais da instalacións, e poderase proceder á súa modificación cando razóns organizativas así o aconsellen.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

c) A utilización que se determine das estaxes, tanto de uso libre como de curso, estará en función da demanda existente e poderán ser de nado lento, nado rápido, nado con aletas, nado de recreo, adestramento ou estaxes reservadas para cursistas.

d) O Concello de Foz ou, se é o caso, a empresa concesionaria do servizo anunciará oportunamente o peche das instalacións, por motivos de limpeza, realización de labores de mantemento e renovación da auga dos vasos e outras causas, sen aboar a cantidade correspondente os días pechados.

Artigo 9.

A capacidade máxima da piscina será de 106 usuarios.

Vaso de 25 x 12.5 m: 106 usuarios.

O aforamento do sala de musculación e zona cardio virá determinado polo número de aparellos e as rotacións que se programen polo monitor ou encargado.

A capacidade da sala de actividades virá determinada polo tipo de actividades que se desenvolva nela.

Artigo 10.

Os usuarios terán a súa disposición un buzón de suxerencias, cun libro de reclamacións para expoñer calquera tema co obxecto de mellorar o funcionamento do servizo.

Artigo 11.

A utilización dos vestiarios será determinada pola Dirección da instalación; para tal efecto ditaranse as ordes oportunas ao persoal desta con obxecto de que cada colectivo utilice o espazo que teña reservado.

Non se lles permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que non vaian facer uso das instalacións, con excepción dos acompañantes dos cursistas que, pola súa idade ou condicións, non sexan capaces de se espir nin de se vestir con autonomía.

Os nenos e nenas de 5 anos e menores poderán utilizar indistintamente calquera vestiario en función do sexo das persoas que os acompañen.

A natación escolar virá sempre acompañada dun responsable da ANPA ou do colexio.

Artigo 12.

a) Estarán a disposición dos usuarios armarios de gardarroupa, co fin de que tanto as pezas como os utensilios queden recollidos nos lugares habilitados para tal efecto. Non se permitirá que os utensilios persoais queden fóra destes armarios, por motivos de seguridade e comodidade para o resto de usuarios.

b) Todos os usuarios que utilicen os armarios deberán deixalos baleiros ao remataren a actividade. Polo tanto, queda prohibido gardar un armario para o uso



persoal. Os armarios que permanezan pechados ao final da xornada serán abertos e baleirados polo persoal da instalación.

c) Os obxectos esquecidos nos vestiarios ou en calquera outro recuncho da instalación permanecerán en recepción na zona de "obxectos perdidos" durante un prazo máximo de 15 días. Se nese prazo non son reclamados polo seu propietario ou propietaria, a dirección entregarálles estes obxectos á policía local ou a entidades de beneficencia.

d) O Concello de Foz ou, se é o caso, a empresa concesionaria do servizo non se responsabiliza dos obxectos substraídos, extraviados, cambiados ou estragados dentro das instalacións e/ou dos armarios. Existe un servizo adicional para a custodia de obxectos de valor.

NORMAS DISCIPLINARIAS E DE SEGURIDADE

Artigo 13

O persoal da instalación, que estará identificado, será o responsable de facer cumprir a todos os usuarios as normas de uso desta, e poderá, se é o caso, expulsar do recinto a quen incumpra o contido deste regulamento.

Artigo 14

Establécense as seguintes normas, que perseguen fundamentalmente o fomento de hábitos hixiénicos, o coidado e mantemento das instalacións e a prevención de riscos de todo tipo:

1) Normas xerais:

- Deberanse respectar os espazos reservados aos diferentes usos da instalación deportiva.
- Prohíbese comer e fumar en todo o recinto, así como utilizar envases de vidro.
- Todo usuario estará obrigado a velar polo bo estado de conservación das instalacións e servizos, e polo tanto, impedirá ou denunciará todos os actos que deterioren as instalacións ou os servizos e advertirá aos empregados cando observe anomalías nas instalacións ou no material destas.
- O uso das instalacións debe facerse coa roupa e calzado deportivo adecuados.
- Os cursistas accederán á instalación como máximo 15 minutos antes do inicio do curso, e permanecerán sen se introducir na auga ata a chegada do monitor.
- Para a comodidade de todos os usuarios e por tratar de promover valores ambientais, o tempo de utilización das duchas será o estritamente necesario.
- Usar as papeleiras e os colectores para depositar o lixo.
- Prohíbese acceder as instalacións con animais, agás cans guía.
- Recoméndase a todos os usuarios que se sometan a un recoñecemento médico previo á práctica deportiva, sobre todo aqueles que permanecesen inactivos durante un período prolongado de tempo ou padezan algunha enfermidade de carácter crónico.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Todo accidente que se produza na instalación será comunicado antes de abandonar a mesma. A empresa concesionaria dispón dun seguro que cobre a responsabilidade civil derivada da súa actividade. Tamén se facilita ao usuario a subscripción voluntaria dun seguro de accidentes con cobertura de asistencia sanitaria.

2) Normas de uso da piscina:

- É obrigatorio o uso de traxe de baño e gorro de baño.
- É obrigatorio o uso de zapatillas de baño en aseos, vestiarios, duchas e nas praias da piscina.
- Antes do baño é obrigatorio ducharse.
- Non se permite o nudismo.
- Prohíbese a realización de xogos e prácticas perigosas (correr, apneas prolongadas, mergullarse violentamente, tirar obxectos, etc) e, en xeral, todos aqueles actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenvolvemento das actividades que se leven a cabo.
- Prohíbese o uso de aletas, pas, colchóns, lentes de cristal ou calquera outro elemento que poida danar ou molestar os usuarios, agás nas estaxes e nos horarios que a dirección habilite para tales efectos.
- Recoméndase aos usuarios que se aseguren das diferentes profundidades do vaso da piscina antes de facer uso desta co fin de evitar accidentes.
- Deben observarse puntualmente as instrucións do socorrista da piscina. Un comportamento antisocial suporá a expulsión do recinto do infractor.
- A utilización das estaxes de baño libre estará sempre condicionada polo nivel de nado dos usuarios, e en momentos puntuais dispoñerá de estaxes de nado rápido, nado lento, ou outros usos. O socorrista será a persoa encargada de indicar e distribuír, en último caso, os usuarios por unha ou outra estaxe.
- É obrigatorio nadar circulando sempre pola dereita da estaxe que se estea a usar.
- Se se precisa algún elemento para a aprendizaxe da natación pode solicitárselle ao socorrista. Volverase posteriormente en bo estado de uso e colocarse nos compartimentos habilitados para tal efecto.
- Por motivos de seguridade, dadas as características do vaso da piscina, os nenos menores de 11 anos deberán acceder á piscina acompañados por unha persoa responsable maior de idade, igual que os menores de 16 que non saiban nadar. Os que teñan entre 11 e 16, que saiban nadar, poderán entrar sos co consentimento por escrito do pai, nai ou titor/a, consentimento que depositarán na instalación e serviralles para as seguintes ocasións.
- A saída do vaso farase 15 minutos antes de peche da instalación.

3) Normas de uso da sala de musculación e zona cardio:

- É necesario levar a toalla para a colocar encima das máquinas ou aparellos dos que faga uso, co fin de evitar que a suor caia sobre os aparellos.
- É obrigatorio o uso de roupa e calzado utilizado previamente no exterior da instalación.
- Debe facerse un uso correcto das máquinas e do peso libre. En caso de dúbida, hase de consultar ao monitor encargado.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Por motivos de saúde, prohíbese o acceso a menores de 16 anos á sala de fitness. Entre os 14 e 16 anos só poderán acceder aqueles que estean prescritos por persoal sanitario.

- O uso libre dos aparellos estará supervisado polo monitor, mentres que nas actividades dirixidas, será o monitor quen lles asigne os aparellos aos usuarios.

- Os usuarios con rutinas de traballo, unha vez finalizado o seu uso, deberán deixalas no ficheiro da instalación pois son propiedade desta.

- Despois de utilizar o peso libre deixarase ordenado no lugar habilitado.

- Deberá respectarse a lista de espera nos aparellos que a teñan, así como o seu tempo máximo de uso.

4) Normas de uso da sala de actividades:

- Soamente se poderá utilizar para a realización de actividades con monitorado.

- É obrigatorio o uso de roupa e calzado deportivo.

- Prohíbese acceder á sala de actividades con calzado utilizado previamente no exterior da instalación.

- Finalizada a actividade deberase abandonar a sala.

- A idade de asistencia estará marcada pola dirección en función das actividades programadas.

5) Normas de uso da sauna:

Prohibido o uso a menores de 16 anos

Tempo máximo de utilización son 15 minutos

Obrigatorio ducharse en auga quente e xabón, secarse antes de entrar

Obrigatorio usar toalla para tumbarse ou sentarse nos bancos

Prohibido afeitarse e depilarse dentro da sauna

Para as persoas con calquera problema deben consultar co seu médico antes de usar a sauna.

Está contraindicado para persoas con : hipertensión arterial, enfermidades cardiovasculares, varices, embarazadas ou previo á inxestión de bebidas alcohólicas

Recomendado para persoas con: reumatismo crónico, resfriados leves, trastornos nerviosos, asma, bronquites e fumadores.

6) Normas de uso dos vestiarios

Prohibido o uso de botellas de cristal nas duchas

O tempo de utilización das duchas será o estritamente necesario

Obrigatorio o uso de papeleiras para tirar calquera clase de envases

Prohibido sacar as chaves das consignas fora da instalación.

INSCRICIÓN A CURSOS E ACTIVIDADES

Artigo 15.

- Todas as persoas que desexen inscribirse nun curso, actividade ou abono deberán presentar a folla de inscrición correctamente cumprimentada no prazo establecido. É Necesario achegar os datos bancarios para a domiciliación do recibo, antes do día 15 do mes no que se formaliza a matrícula. No caso dos menores de idade, a folla de inscrición asinaraa o pai/nai ou titor/a.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- O alumno quedará inscrito tras satisfacer a cota do curso de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora, e cumprir con todos os trámites de inscrición. A inscrición non producirá efecto mentres non se cumpra con todos os requirimentos establecidos.

- Na modalidade de abonado estas obrigado a facer o pagamento en efectivo da matrícula correspondente.

- Forma de pagamento: a matrícula, o abono do primeiro mes e o curso escollido, se é o caso, pagarase en efectivo na recepción no momento de formalizar a inscrición. Os demais pagamentos faranse por domiciliación bancaria, de acordo cos datos facilitados na folia de inscrición. Os recibos pasaranse de forma anticipada, a partir do día 25 do mes anterior ao mes que se vai contratar.

- Para se dar de baixa no abono ou no curso será necesario comunicalo por escrito, a través dos formularios dispoñibles para dito trámite, á empresa concesionaria antes do día 25 do mes anterior ao que se produza a baixa. Os abonados dados de baixa que no futuro queiran reincorporarse á instalación deberán realizar novamente todos os trámites de alta.

- A renovación dos cursos e programas con límite de prazas realizarase a través da domiciliación bancaria. A baixa deberase comunicar antes do día 25 do mes anterior. A última semana de cada mes ofertaranse ao público e por rigoroso orde de chegada as prazas vacantes en cursos de actividades de sala e piscina respectivamente.

- Calquera trámite de cambio de horarios ou actividades deberá solicitalo na recepción da instalación, cumprimentando os impresos establecidos para tal efecto. En ningún caso se dará por validado o cambio mentres non sexa comunicado polo persoal da instalación ou publicado na táboa grande de información ao usuario

INFRACCIÓNS

Artigo 16.

O incumprimento do disposto neste regulamento poderá dar lugar á expulsión do recinto, con posterior perda, se é o caso, da condición de abonado ou cursista, sen que a expulsión xere ningún dereito a devolución das taxas abonadas.

Para a gradación das sancións posteriores, se se dá o caso, terase en conta a gravidade da infracción, a reincidencia e os prexuízos ocasionados aos usuarios e/ou ás instalacións.

Con independencia da imposición das sancións procedentes, se algunha infracción levase aparellado unha deterioración, rotura ou estrago dalgún elemento da instalación deportiva, o infractor deberá aboar o importe das reparacións ou reposicións de materiais que haxan que realizar.

Para todos os efectos, terán a consideración de responsables subsidiarios dos danos producidos as entidades organizadoras da actividade ou, se é o caso, aquelas que efectuasen o alugueiro de uso das instalacións. As reincidencias na comisión de infraccións poderán dar lugar á anulación ou suspensión temporal ou total das reservas que se puidesen conceder a ditas entidades.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Artigo 17

Existirán, a disposición do público, follas de reclamacións e suxestións numeradas para que poidan presentarse as queixas, reclamacións e suxestións que se estimen necesarias e remitirase copia ao Concello sempre que as solicite.

Disposicións adicionais

Primeira.- O funcionamento da piscina de titularidade municipal xestionada indirectamente rexerese polas condicións establecidas no Prego de cláusulas administrativas correspondente e polas disposicións contidas neste regulamento.

Segunda.- Este regulamento poderá ser modificado, rectificado ou ampliado previa solicitude e aprobación por parte do Concello de Foz, sempre que exista algunha causa que o xustifique.

Disposicións finais

Primeira.- No non previsto neste regulamento rexerá o disposto no Decreto 103/2005 do 6 de maio.

Segunda.- A interpretación das normas deste regulamento será levada a cabo polo órgano competente do Concello de Foz, órgano que poderá ditar as instrucións necesarias para a súa aplicación.

Terceira.- O presente regulamento entrará en vigor coa súa publicación no BOP de conformidade co disposto no art. 49 da LBRL e comezará a aplicarse a partir do día seguinte o do transcurso do prazo establecido no artigo 65.2 LBRL, ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Foz a, 23 de xaneiro de 2007

O Alcalde
José María García Rivera